

Proxecto de Decreto polo que se crea e se regula o Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade.

O galego é un valor cultural que nos identifica como pobo e que nos conecta cunha comunidade maior de máis de 270 millóns de persoas que falan portugués, xa que a intercomprensión entre ambas linguas é posible sen necesidade de mediación.

Deste xeito, empresas e institucións poden aproveitar a nosa vantaxe lingüística, o que nos outorga importantes beneficios nas vertentes cultural e económica e nos concede unha grande proxección internacional.

A lusofonía compóñena o conxunto de países que teñen como lingua oficial o portugués así como aquelas comunidades que comparten lazos históricos e culturais. En 1996 constituíuse a Comunidade de Países de Lingua Portuguesa co compromiso de reforzar os lazos de solidariedade e de cooperación que os unen, conxugando iniciativas para a promoción do desenvolvemento económico e social dos seus pobos.

Tradicionalmente Galicia mantén uns fortes lazos co mundo da lusofonía e en particular coas Comunidades de Coordinación e Desenvolvemento Portuguesas, especialmente coa da Rexión Norte de Portugal, a través da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal, constituída en 1991, e da Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal, desde 2008.

Por outra banda, desde a entrada de España como Observadora Asociada da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) en xullo de 2021, grazas ao decisivo impulso dado pola nosa Comunidade Autónoma, Galicia vai estar estreitamente vinculada a este novo labor para desenvolver todo o potencial de tan importante asociación.

Entre os antecedentes normativos e alicerces deste Observatorio, están a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coñecida como Lei Paz Andrade, que di no seu artigo 3 que deberán ser promovidas as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego.

Outro é a Estratexia Galega de Acción Exterior (Egaex) de 2018, onde hai múltiples referencias á lusofonía, no limiar expónse que Galicia debe asumir un cualificado rol en España de avogada de Portugal e da máxima cooperación entre a cultura hispana e a lusofonía.

A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, dedica o título IV á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a lusofonía, coa intención de recoñecer e intensificar os lazos con tódolos países de lingua oficial portuguesa.

A creación do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade deriva do disposto na Lei 10/2021, polo que este anteproxecto de Decreto dítase en cumprimento do



mandato legal de desenvolvemento normativo contido no artigo 28 da dita lei. Del formarán parte as entidades galegas de relación con Portugal e co ámbito da lusofonía, e terá como finalidade asesorar o Goberno, formular plans de acción e programar actividades de coñecemento, intercambio e programación.

Tamén asesorará as administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia na incorporación da perspectiva lusófona, ao tempo que actuará de canle de divulgación da información de interese desa perspectiva para un coñecemento exhaustivo e permanentemente actualizado da realidade lusófona en e dende Galicia.

A vocación deste observatorio é fomentar o consenso sobre as medidas que se deben adoptar para abordar as relacións coa lusofonía na nosa Comunidade Autónoma, polo que se integran nel tanto a sociedade civil galega como as institucións con máis experiencia en relación coa lusofonía.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar o trámite de audiencia, a publicación do texto, para alegacións, no Portal de transparencia e goberno aberto, e a emisión dos informes preceptivos.

A norma responde aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. A regulación establecida nesta norma cumpre cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade e simplicidade.

En relación coa súa estrutura, este anteproxecto de decreto consta de dez artigos, dous capítulos, tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, que leva por rúbrica «Disposicións de carácter xeral», regula o obxecto, a natureza e o réxime xurídico, a finalidade, os obxectivos, adscrición e as funcións do Observatorio.

O capítulo II, co nome «Normas básicas de organización e funcionamento», está dedicado á composición do Observatorio, as súas substitucións e as correspondentes funcións. Ademais diso, este capítulo recolle o réxime de funcionamento do Observatorio e a forma de difusión dos datos, informacións, traballos e actuacións que desenvolva.

Na disposición adicional primeira regúlase o non incremento do gasto de funcionamento que se puidera xerar coa posta en funcionamento do Observatorio, na disposición adicional segunda regúlase o prazo máximo en que se deberá constituír o



Observatorio e na disposición adicional terceira a incorporación e/ou modificación dos membros do Observatorio.

Na disposición derradeira primeira establécese a habilitación para o desenvolvemento normativo deste anteproxecto de decreto e na disposición derradeira segunda régúlase o prazo para a entrada en vigor.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día X de X de dous mil vinte e tres,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto a creación do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade, así como a regulación das súas funcións, a composición e o réxime de funcionamento.

Artigo 2. *Natureza e réxime xurídico*

1. O Observatorio configúrase como un órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de lusofonía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O Observatorio rexerese polos preceptos básicos sobre órganos colexiados da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola regulación sobre órganos colexiados contida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, polo presente decreto e, no caso de aprobarse, polo seu regulamento de funcionamento interno.

Artigo 3. *Finalidade*

O Observatorio terá como finalidade asesorar ao Goberno, formular plans de acción e programar actividades de coñecemento, intercambio e programación. Atendendo á súa finalidade, servirá de foro de diálogo permanente entre as distintas administracións públicas e outras organizacións representativas de intereses no eido da lusofonía, co fin de asegurar a súa participación activa na abordaxe das relacións de Galicia no dito ámbito; así como aglutinará esforzos, coordinará as actuacións público-privadas e consolidará no tempo a Galicia no mundo da lusofonía.

Artigo 4. *Obxectivos*



Para acadar a súa finalidade, este Observatorio terá os seguintes obxectivos:

1. Fomento xeral e a todos os niveis da nosa internacionalidade como expresión da aspiración a unha Galicia máis aberta e comprometida no eido da lusofonía e dos países lusófonos.
2. Fomento das sinerxías internas, habilitando tanto espazos de integración, participación e coordinación, como medidas de apoio ás estruturas de reflexión e pensamento, como poden ser as creadas na Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal, na Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal ou no Consello de Acción Exterior (CAEX).
3. Mellora dos niveis de consenso político e social ao redor da lusofonía.
4. Fomento do traballo en rede e a involucración activa das nosas institucións na sociedade do coñecemento.

Artigo 5. *Adscrición do Observatorio*

O Observatorio adscíbese á consellería competente en materia de acción exterior, a través da dirección xeral pertinente e para alcanzar os seus obxectivos contará co apoio e soporte da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Artigo 6. *Funcións*

Este observatorio, para a consecución dos seus fins, exercerá as seguintes funcións:

- a) Identificar necesidades, obstáculos e oportunidades para Galicia na área da lusofonía.
- b) Fomentar a interacción, coordinación e colaboración entre o sector público autonómico, a empresa privada e a sociedade civil para o desenvolvemento da lusofonía en Galicia.
- c) Xerar propostas e ideas para o deseño e desenvolvemento de estratexias, plans e programas na esfera da lusofonía para Galicia.
- d) Realizar estudos e informes por petición da Presidencia do Observatorio.
- e) Propoñer plans de acción conforme aos plans de actividades e de ensino da lingua portuguesa, elaborados para a entrada na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, ou outros que sexan convenientes.
- f) Formular propostas e recomendacións para ser consideradas na configuración das liñas estratéxicas e prioridades de actuación transversais da acción pública de Galicia, para incidir positivamente no mundo da lingua portuguesa.
- g) Promover foros de discusión e debate que, nos seus diferentes formatos, permitan o encontro e a reflexión das diferentes entidades e axentes sociais e culturais involucrados na área da lusofonía.



h) Fomentar calquera outra actuación que se considere necesaria en relación co dominio da lusofonía, así como realizar aquelas que lle sexan encomendadas para o mellor cumprimento dos seus fins.

Capítulo II

Normas básicas de organización e funcionamento

Artigo 7. *Composición*

1. O Observatorio terá a seguinte composición :

- Presidencia: a persoa titular da consellería competente en materia de acción exterior ou persoa en quen delegue.

- Vicepresidencia: a persoa titular da Consellería competente en materia de política lingüística ou persoa en quen delegue.

- Secretaría: unha persoa funcionaria adscrita á dirección xeral competente en materia de acción exterior.

- Vogais:

1º. A persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou persoa en quen delegue.

2º. A persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística ou persoa en quen delegue.

3º. A persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ou persoa en quen delegue.

4º. A persoa titular da Axencia de Turismo de Galicia e da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ou persoa en quen delegue.

5º. A persoa titular da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (CRTVG) ou persoa en quen delegue.

6º. A persoa titular do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) ou persoa en quen delegue.

7º. A persoa titular da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (AECT, GNP) ou persoa en quen delegue.

8º. A persoa titular da Dirección Xeral de Cultura ou persoa en quen delegue.

9º. A persoa titular do Consello da Cultura Galega (CCG) ou persoa en quen delegue.

10º. A persoa titular da Real Academia Galega (RAG) ou persoa en quen delegue.



- 11º. A persoa titular da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ou persoa en quen delegue.
- 12º. A persoa titular do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) ou persoa en quen delegue.
- 13º. A persoa titular da Academia Galega da Lingua Portuguesa (AGLP) ou persoa en quen delegue.
- 14º. A persoa titular da Associação de Docentes de Português na Galiza ou persoa en quen delegue.
- 15º. Unha persoa en representación da Asociación Cultural e Pedagóxica Pontenhas Ondas.
- 16º. A persoa titular da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER) Galicia – Norte de Portugal ou persoa en quen delegue.
- 16º. Unha persoa en representación dos centros de estudos galegos de Portugal e Brasil, designada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- 17º. Unha persoa en representación do Centro Galego de Lisboa - Xuventude de Galicia.
- 18º. Unha persoa en representación de cada unha das organizacións sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia.
- 19º. Un número de persoas equivalente ao de representantes sindicais en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.
- 20º. Ata tres persoas expertas de recoñecido prestixio no ámbito da lusofonía.

Invitaráselles a participar aos seguintes vogais:

- 1º. Unha persoa en representación do Mº de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.
- 2º. Unha persoa en representación dos Consulados da lusofonía en Galicia.
- 3º. Unha persoa en representación da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal (CCDR-N).
- 4º. Unha persoa en representación da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP).
- 5º. Unha persoa en representación da Rádio e Televisão de Portugal (RTP).
- 6º. Unha persoa en representación do Instituto Camões.
- 7º. Unha persoa en representación do Instituto Internacional da Lingua Portuguesa (IILP).



8º. Unha persoa en representación da Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA).

2. As persoas que compoñan o Observatorio serán nomeadas e separadas pola persoa titular da Presidencia do mesmo, por proposta de designación da organización ou entidade que corresponda en cada caso.

3. A duración do mandato dos membros do observatorio será por un período de catro anos con prórroga tácita.

4. As causas de separación do exercicio das súas funcións son as seguintes:

a) A renuncia expresa.

b) A revogación da representación, por parte da organización ou entidade que a propuxo.

c) A declaración de incapacidade ou inhabilitación para o exercicio de cargo público por sentenza xudicial firme.

d) Calquera outra causa xustificada que impida o exercicio das funcións asignadas.

5. Os membros do observatorio que teñan a dita condición por razón do seu cargo desempeñarán as súas funcións polo tempo que dure o exercicio deste.

6. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade ou noutra causa legal a suplencia será exercida pola persoa designada como suplente pola entidade.

7. A composición do Observatorio procurará unha participación equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 8. Participación doutros órganos

Poderán participar nas reunións as persoas titulares dos órganos superiores e directivos dos departamentos da Xunta de Galicia que sexan convocados pola titular da presidencia do observatorio en función dos asuntos que se vaian tratar, para que expoñan os proxectos e iniciativas correspondentes ao seu ámbito de competencias.

Así mesmo, poderán asistir ás reunións do observatorio, ou das comisións ou dos grupos de traballo que o integren, de conformidade co que dispoña o seu regulamento de funcionamento interno, os técnicos ou expertos nas cuestións que se traten.

Artigo 9. Réxime de funcionamento

O observatorio poderá funcionar en pleno ou nas comisións ou grupos de traballo que se creen, que se reunirán coa periodicidade que determine o réxime de sesións que se estableza no seu regulamento de funcionamento interno.

A asistencia poderá ser presencial ou telemática.



O pleno reunirse periodicamente cando o convoque o seu presidente ou a petición do 40% dos seus membros ou sempre que o requira o exercicio das súas funcións.

Para a válida constitución do observatorio requirirase a presenza das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou, de ser o caso, daquelas que as substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros. E, en segunda convocatoria, un terzo dos membros.

Cando a orde do día o requira, a persoa titular da Presidencia poderá invitar a participar nas sesións do Pleno, das comisións ou dos grupos de traballo, con voz pero sen voto, a outras persoas cualificadas ou institucións que, por razón da súa actividade ou coñecementos especializados, teñan relación relevante co asunto obxecto da actividade deste observatorio.

O observatorio aprobará o seu regulamento de funcionamento interno no que se preverá a posibilidade de crear comisións e grupos de traballo, organizados por especialidades.

A pertenza ao observatorio non outorgará dereito a remuneración ningunha, coa excepción das axudas de custo e indemnizacións que poidan corresponder de acordo coa normativa en vigor. Estes gastos, no caso de seren reclamados, serán costeados pola entidade de procedencia do participante.

Artigo 10. *Difusión*

1. O Observatorio poderá difundir os datos, informacións, traballos e actuacións que elabore, dentro do portal institucional da Xunta de Galicia. Tal publicidade debe axustarse ao establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. Os datos, informacións, traballos e actuacións elaborados polo observatorio facilitaranse, sempre que sexa posible, en formatos dispoñibles para a súa reutilización mediante a súa inclusión no Catálogo de información reutilizable da Administración xeral e do sector público autonómico.

Disposición adicional primeira.- *Non incremento do gasto.*

A constitución e posta en funcionamento do observatorio non implica incremento do gasto público e non xerará aumento dos créditos orzamentarios.

Disposición adicional segunda. *Prazo de constitución do observatorio*

A sesión constitutiva do observatorio terá lugar no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor deste decreto.

Disposición adicional terceira. *Incorporación e/ou modificación de membros.*

Por Orde da persoa titular da Consellería poderán incorporarse e/ou modificarse os membros do Observatorio en función de circunstancias sobrevidas.



Disposición derogatoria. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de acción exterior para ditar as disposicións necesarias para facilitar o correcto funcionamento do observatorio, así como para o desenvolvemento e a execución deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, X de X de dous mil vinte e tres.

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes